Darío en Castrelos*

Darío in Castrelos

Xosé María Álvarez Cáccamo
(Escritor / caccamo326@gmail.com)

Data de recepción: 17/08/2022 – Data de aceptación: 25/01/2023

Darío Xohán Cabana vibra nun lugar da memoria da miña mocidade e a súa fráxil figura case adolescente camiña entre os descomunais andeis de «Monterrey», ao longo daquel corredor ou desfiladeiro soberbio de libros vellos que conducía á enseada máis luminosa onde, enmarañado entre folios e carpetas, o meu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, preparaba os libros de Edicións Castrelos. O local, un baixo cavernoso e labiríntico da rúa General Aranda, título imposto polo fascismo sobre o anterior, Pi i Margall, hoxe recuperado, fora alugado xa nos cincuenta para instalar a libraría de vello «Monterrey», negocio máis ben ruinoso, como o propio espazo onde se desenvolvía, que levaban entre o meu pai e o inspector de ensino Luis Viñas Cortegoso, bibliófilos ambos e aventureiros destemidos polos rumbos todos da letra impresa e manuscrita. «Monterrey» foi tamén selo editorial para primorosas tiraxes limitadas que hoxe son alfaias singulares.

A finais dos sesenta do século XX, xa sen o auxilio de Luis Viñas, Xosé María Álvarez Blázquez inventou Edicións Castrelos, empresa de vocación normalizadora que daquela só competía con Galaxia. A libraría mantiña a súa latencia vagarosa de locomotora de vapor en mans da miña tía materna, Josefina Cáccamo, mentres o meu pai se ocupaba de todos os labores de Castrelos, mesmo daquela fantástica e matemática manipulación de cordel para o atado dos paquetes, que sempre lle envexei. En 1972 apareceu Darío Xohán Cabana, que viña da Terra Chá, e a vida de Castrelos e do meu pai cambiaron. Darío, un mozo poeta e nacionalista, culto e sensíbel, trouxo non só a axuda profesional que o editor precisaba urxentemente senón, sobre todo, a compaña cotiá e a conversa cómplice arredor de todas as angueiras e esperanzas da Terra, o libro galego no centro. Darío era, naquel momento, o fillo galeguista que Xosé María Álvarez Blázquez aínda non tiña e o galegofalante de nación que o engaiolaba co río do idioma natural. Os fillos do meu pai transitabamos daquela polo rumbo doutras escollas ideolóxicas e aínda nos demoramos algo antes de comprender de vez as razóns de Galiza. Eu andaba por Santiago de Compostela, de compañeiro de viaxe do PC, escribindo poemas en castelán aínda que tentando, de cando en vez e con pouco éxito, a escrita en galego. O meu pai, con prudente elegancia, facía a louvanza de Darío e do seu mérito de precoz e sabio poeta. E, sobre todo, frecuente manifestación da amizade fraternal e paternal que o unía a el e do seu agradecemento pola súa vontade de entrega á aventura apaixonante de Castrelos. Sei que para Darío tamén aqueles foron anos

* Recuperamos, actualizada, esta nota publicada inicialmente en *Xermolos* 47, 2003, de difícil acceso.

 ISSN 2792-9639
DOI: https://doi.org/10.35869/cumieiradasletras.v02.2023.10

de moi feliz experiencia emotiva e intelectual e que gardaba do meu pai unha memoria especialmente viva e amorosa.

A memoria de Xosé María Álvarez Blázquez, matizada e revitalizada, permanecía intensamente viva na conciencia de Darío o día en que o fun visitar na súa casa de As Chousas un par de meses antes do seu falecemento. Ao longo das moitas horas de conversa, que o meu amigo modulaba, con rexa valentía, a xeito de despedida, o meu pai comparecía unha e outra vez. A súa figura foi sempre o núcleo da relación de amizade que Darío e eu mantivemos durante cincuenta anos, entre aqueles primeiros encontros no fascinante ámbito expresionista do local de Monterrey e Castrelos ou nas casas familiares de Vigo e Coruxo e o concentrado e doloroso instante da aperta que el sabía definitiva e eu pretendín, inutilmente, entender como signo transitorio. Foran cinco décadas de inconstante relación entre nós –a distancia xeográfica entre ambos impediu unha máis estreita e frecuente comunicación–, cinxida maiormente a través dos vínculos que conectan os integrantes da sociedade literaria, asistencia a xornadas e congresos, celebracións e homenaxes. Como na derradeira cita na casa de Darío e Amelia en As Chousas de Romeán, o meu pai, o seu mestre principal, acompañounos sempre en corpo tensamente evocado. El exercera en grande medida funcións de pai do mozo en procura de rumbos de experiencia e cultura. Foi tamén para Darío o amigo maior ao que se lle poden entregar as confidencias máis comprometidas e con quen se pode compartir a emoción da intimidade. Sei que, ademais, Xosé María compartiu co seu compañeiro de labores editoriais a revelación de capítulos do seu discurso vital que nunca, naturalmente, chegaron a min.

Vexo a Darío, pois, no tránsito por aquel abismo de vertixinosos cantís librescos, véxoo sorrir con ese brillo seu dos ollos proclives á bágoa emocionada, porque leva nas mans, poño por caso, o corpo recén nado das *Obras en prosa e verso* de Luis Amado Carballo, colección Pombal, cuberta con trama de cor verde herba, herdo recoñecíbel do estilo da benéfica colección Austral. Véxoo entre os fumes dramáticos dunha malfadada tarde de agosto en que ardeu Castrelos e se perdeu unha boa parte do fondo editorial e non podo deixar de escoitar o eco escandalosamente optimista do meu pai que di: «Non hai mal que por ben non veña. Imos renovar a editorial. De entrada imos substituír os andeis de madeira por outros de metal». Obviamente, nunca se realizou tal renovación, que Castrelos produciu, si, literatura galega de moi alto nivel e serviu tamén para axitar as lamas secas do ermo cultural do país en tebras e para difundir como nunca antes a consigna da dignidade do idioma por todas as cidades, vilas e lugares de Galiza (aquel Moucho popular que nunca máis voou –que mágoa!–), pero non fabricou outro papel moeda que o que se precisaba para a supervivencia da editorial.

Sigo vendo a Darío a transitar polos eidos comúns da Poesía, colegas xa el e mais eu de xeración e de convicccións ideolóxicas e a percorrer os seus itinerarios de sabio poeta e narrador, exquisito tradutor. E vexo sempre detrás dos seus ollos a memoria do meu pai, aquel amigo insubstituíbel que ambos tivemos. Hoxe falta tamén Darío, que non alcanzou a cifra final dos setenta anos da vida do seu mestre.